

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN  
DO 3º TRIMESTRE  
CURSO 2019-2020

# EDUCACIÓN MUSICAL

CURSO: 6º DE PRIMARIA  
CEIP SOUTELO DE MONTES

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**
5. **Anexo I : Rúbrica**

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	EMB1.2.1. Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas. (CCEC, CAA, CCL)
B2.1. Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo da canción e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar.	EMB2.1.1. Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas, e recreaas. (CCEC, CAA, CCL)
B2.2. Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas das demais persoas como a persoa que asuma a dirección.	EMB2.2.2. Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. (CCEC)
	EMB2.2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento (CAA, CCEC)
B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	EMB2.3.3. Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas (CD, CCEC).
B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorar a súa achega ao patrimonio, e gozar coa súa interpretación como unha forma de interacción social	EMB3.1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social. (CAA, CCEC)
	EMB3.1.3. Coñece danzas de distintas épocas e lugares, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural. (CCEC)
	EMB3.1.7. Respecta o traballo en grupo e participa nel de xeito pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas. (CAA, CSC)

## 2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

<b>AVALIACIÓN</b>	<b>PROCEDEMENTOS:</b>  <ol style="list-style-type: none"><li>1. A análise das tarefas (tanto os cadernos, como os documentos dixitais) son recollidas a través de diferentes medios:<ul style="list-style-type: none"><li>- Whatsapp</li><li>- Correo electrónico.</li><li>- Aula virtual</li><li>- Diferentes plataformas como liveworksheets, snappet e kahoot.</li></ul></li><li>2. As producións orais son recollidas a través de :<ul style="list-style-type: none"><li>- Audios a través da plataforma Vocaroo.</li><li>- Videoconferencias con cisco webex.</li></ul></li></ol> <b>INSTRUMENTOS:</b> o instrumento para avaliar o 3º trimestre é unha rúbrica que presentamos ao final deste documento.
<b>CUALIFICACIÓN</b>	A cualificación final será o resultado da avaliación continua da 1º e 2º avaliación máis o aporte en positivo da 3º avaliación (20% como máximo). Para o cálculo deste 20% empregaremos unha rúbrica.
<b>ALUMNADO CON MATERIA PENDENTE</b>	-

### 3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REFORZO, REPASO, E NO SEU CASO AMPLIACIÓN)

<b>ACTIVIDADES</b>	<p>1. <b>REFORZO E REPASO:</b> son a maior parte das actividades propostas ao alumnado. Tamén se traballarán as datas de obrigado cumprimento (día do libro, día das letras galegas...)</p> <p>As actividades selecciónanse baseándose naqueles estándares e competencias que se consideran imprescindibles para acadar os obxectivos mínimos da área e do curso.</p> <p>2. <b>AMPLIACIÓN:</b> son mínimas e son seleccionadas e deseñadas tendo en conta a súa importancia para acadar os mínimos así como a súa relación con coñecementos previos xa adquiridos.</p>
<b>METODOLOXÍA</b>	<p><b>Alta conectividade:</b> Traballo a través da aula virtual, correos electrónicos, libros de texto, vídeos explicativos enviados ao alumnado, vídeo chamadas individuais e diferentes plataformas online.</p> <p><b>Escasa conectividade:</b> Correo electrónicos, libros de texto, chamadas telefónicas, mensaxes de whatsapp e material impreso proporcionado a través do Concello.</p>
<b>MATERIAIS E RECURSOS</b>	<p>Aula virtual, telefonía móbil, correo electrónico, fichas deseñadas polo profesorado, material interactivo(de deseño propio e seleccionado) en diferentes plataformas (liveworksheets, snappet, kahoot, youtube.....)</p> <p>Materiais da casa como: palillos, papeis, pizarras...</p>

## 4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

<b>INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS</b>	Páxina web do centro, blogs, aplicación ABALAR, correo electrónico, chamadas telefónicas, plataformas de mensaxería instantánea (whatsapp).
<b>PUBLICIDADE</b>	Publicárase na páxina web do centro.

## 5 - ANEXO I : RÚBRICA

### CÁLCULO DO 20% DO INCREMENTO DA NOTA DO 3º TRIMESTRE

	<b>A</b> ( non se incrementa a nota)	<b>B</b> (incrementábase a nota un 5%)	<b>C</b> (incrementábase a nota un 10%)	<b>D</b> (incrementábase a nota un 20%)
<b>PRESENTA OS TRABALLOS</b>	Non presentou ningún traballo.	Presentou menos da metade dos traballos	Presentou a metade dos traballos.	Presentou todos os traballos e dentro dos prazos establecidos.